

Almanaque Agrícola

ano
LVI



Ano 2008

Ano bisesto

Terras de Trives:
paisaxe de San Nicolao de Castro

syngenta®

O funxicida cun nome que o di todo e ademais faino

¡Boa uva, bo viño!

*Non encontrarás nada
que funcione mellor
¡apostas uns viños?*

Chega un funxicida que vai poñer as cousas no seu sitio, con licenza para actuar. O seu nome é Max, Quadris Max; e claro, cun nome así, a cousa promete. E ti preguntaste ¿Poderá defender os meus viñedos de tantos perigos? Iso, ¡por suposto!, pero o máis importante de Max é a súa forza, **A SÚA DOBRE FORZA DE ACCIÓN**. Telo cerca será a mellor protección.

MAXimiza o teu viñado

Quadris
MAX

Dobre forza na súa dobre acción

syngenta®

Índice

Rescatando anacos do noso pasado "A Cerdeira"	4		
Rescatando un anaco da nosa cultura "O Oficio de Toneleiro"	9		
Convocatoria novo certame: "A oliveira en Galicia. Os muíños de aceite"	20		
As nosas castes de vide: A Variedade "Espadeiro"	22		
Nomes das nosas castes de cepas, sensibilidade ás enfermidades	25		
Xaneiro	26	Santiago	38
Febreiro	28	Agosto	40
Marzo	30	Setembro	42
Abril	32	Outubro	44
Maio	34	Novembro	46
San Xoán	36	Nadal	48
Guieiro de malas herbas (y III)	51		
Males da viña	56		
Consellos para os coidados da viña	58		
Tratamentos das froiteiras de carabuña	61		
Tratamentos a facer nas maceiras e pereiras	62		
Tratamentos de invernadoiros e hortas	64		
Tratamentos das Patacas	66		
Tratamentos do Millo e outros cereais	69		
Filtros Verdes	70		
Feiras gastronómicas	75		
Catálogo xeral de produtos fitosanitarios	82		
Valor dos ferrados galegos en metros cadrados	93		
Contos	96		
Disposicións legais de interese para Galicia	98		
Roedores e Rodenticidas	103		
Enderezos dos nosos distribuidores principais	106		



Rescatando ANACOS DO NOSO pasado

ÁRBORES SINGULARES OU EMBLEMÁTICAS EN GALICIA

A CERDEIRA



A cerdeira (*Prunus avium* L.) é unha árbore inerme e caducifolia que tamén recibe o nome de ce-reixeira. Pertence á familia das rosáceas, subfamilia *Amygdaloideae* (*Prunoi-deae*), que é monotípica, cun único xénero, *Prunus*, que inclúe árbores e arbustos, espiñosos ás veces, con follas simples, caedizas ou perennes, alternas e estipuladas, flores pentámeras, con receptáculo non concrecente co único carpelo, e froito en drupa. Entre as árbores froiteiras con importancia económica incluídas no xénero *Prunus* están o albaricoqueiro, ameixeira, melocotoeiro, nectaríño, amendeira e cerdeira; algunhas especies teñen

interese forestal, para a obtención de madeiras de calidade, caso da cerdeira, e tamén importancia melífera, medicinal e ornamental-paisaxística.

A cerdeira pode acadar máis de 20 m de altura. A casca do tronco é ao principio lisa e de cor parda avermellada ou agrisada, anelada horizontalmente; nos exemplares vellos é gretada e parda escura. A copa é ampla, con ramas case verticiladas, horizontais ou ascendentes, e coas ramiñas de cor parda avermellada, lisas, non pilosas e con frecuencia descascadas en láminas piperáceas. A mosca follas grandes (8-15 cm), simples, ovadas ou lanceoladas, algo trasovadas, acuminadas, con nervadura pinnada, algo pilosas no envés, polo menos nos nervios, coa beira dobremente aserrada ou dentada, con dentes glandulíferos, alternas ou fasciculadas sobre braquiblastos, con pecíolo longo (2-5 cm), que leva cerca da unión co limbo dúas pequenas verrugas, en realidade glándulas, xeralmente de cor avermellada; estípulas caducas con cilios glandulíferos. Flores precoces ou coetáneas coa brotación das follas, grandes (2-3 cm de diámetro), bisexuais, cíclicas, actinomorfas, pentámeras, dispostas en fascículos de 2-6 sobre braquiblastos, con pedicelos longos (2-5 cm) e glabros, rodeados na base por unha coroa de brácteas de cor púrpura; teñen receptáculo glabro, cáliz dialisépalo de 5 sépalos glabros e caedizos, corola de 5 pétalos obovados e romos de cor branca, androceo con moitos estames e xineceo con ovario monocarpelar súpero e pistilo glabro. O froito (cereixa) é unha drupa globosa, redondeada ou cordiforme, xeralmente de cor vermella, máis ou menos escura, aínda que tamén pode ser moura, amarelada, de cor crema ou rosada, de arredor de 1 cm de diámetro na cerdeira silvestre e de 2-3 cm nas variedades

cultivadas polos seus froitos. O endocarpo (óso) é globoso, case liso, e está soldado ao mesocarpo (parte carnosa). Florece en marzo-abril (ata maio-xuño nas localidades máis frías) e maduran os froitos desde maio ata principios de xullo.


É unha árbore moi estendida polo cultivo e polas aves, o que dificulta a precisión da súa área natural. Suponse que é orixinaria de Asia occidental, aínda que na actualidade se estende por Eurasia e Norte de África. En España críase salpicada nos bosques e barrancos, sobre todo na metade setentrional, escaseando cara ao sur, en solos frescos e fondos, dende o nivel do mar ata 2000 m de altitude, case sempre en exemplares illados. En Galicia é frecuente como un compoñente das carballeiras, fragas e devesas, e incluso nos bosques de ribeira, sobre todo na parte setentrional e oriental da rexión, ata uns 1000 m de altitude, xeralmente sobre solos acedos e fértiles, en ambientes húmidos e algo sombríos, case sempre en barrancos e valgadas en exposición norte; moitas das cerdeiras dos montes galegos son en realidade asilvestradas.

A cerdeira brava é especie amante da luz e prefire solos ricos en bases, aínda que pode vivir en calquera tipo de chan, sempre que sexa fondo e reteña unha certa humidade. Medra axiña nos primeiros tempos pero non é moi lonxeva. Considérase especie de media luz. Resiste o frío e aparece preferentemente no piso de monte en ombroclimas húmido e subhúmido, baixando ao colino hiperhúmido. Cultívanse variedades froiteiras en case todas as rexións españolas, adquirindo gran importancia económica nalgunhas comarcas, como o Val do Jerte e A Vera, e no territorio galego Nogueira-Chantada (Lugo) e Beade-Vigo (Pontevedra), zonas nas que este cultivo ten unha gran tradición e incluso se celebran festas gastronómicas. Cultívanse diversas variedades polos seus froitos (as principais son as mouras de Verona, starring, hard giant e precoz de Bourlat).

As cereixas conteñen azucre, ácido salicílico, pectinas, taninos, queracianina, ácido málico, ácido succínico, ácido cítrico e ácido láctico. É unha froita fresca, sa e doada de dixerir. O doutor Leclerc recoméndaas para combater a obesidade, como froita que mata a fame. Normalmente consómense frescas, pero tamén se fan con elas marmeladas (que son laxantes suaves), licores que se usan para curar o dor de tripa (maceración de cereixas en augardente) e, noutros países, bebidas como o kirsch e o maraschino. Os pedúnculos dos froitos (rabos de cereixa) empréganse en decocción como diuréticos en casos de oliguria, edemas e obesidade. Deben a súa acción ao contido en sales de potasio e á presenza de flavonoides e taninos catéquicos.

Os froitos, ademais do seu valor alimenticio (77 Kcal/100 gr), empréganse para fabricar un xarope medicinal, utilizado como correctivo do sabor e cor en moitas preparacións farmacéuticas.

Árbore de crecemento rápido de novo, ten gran facilidade de produción de anovos de raíz, e non tolera ben a sombra, sobre todo nas primeiras fases. A madeira é pesada, resistente, durable, dura e pulimentable, de textura fina e cor castaña ou pardo avermellada, moi apreciada en ebanistería e tornería. Os talos novos utilízanse para aros de toneis.



As cerdeiras son árbores de gran interese paisaxístico, ornamental e forestal, sendo de destacar a importancia ecolóxica dos seus froitos, alimento de aves e outros animais silvestres.

O refraneiro popular galego recolle varios refráns referentes á cerdeira: “O que á cerdeira non sobe, malas cereixas come”, “Desde as cereixas aos nabos, ben estamos; dos nabos ás cereixas, todas son queixas”, “Se polo san Xurxo chove, de cen cereixas quedan nove”...

Semellante á cerdeira é o guindo ou guindeira (*Prunus cerasus*), arboriña que pode acadar 8 m de altura, caducifolia, inerm, que produce estolóns subterráneos, con follas de ata 9 x 3 cm, subcoriáceas, de limbo ovalado ou elíptico, cuneiformes na base, coa marxe crenado-dentada, de face lustrosa e envés subglabro, con pecíolo de 1-3 cm e estípulas caducas con dentes glandulíferos. Inflorescencia de 2-4 flores en acios umbeliformes, sésiles, cunha coroa de brácteas que rodea a base; flores pentámeras con sépalos reflexos e xeralmente denticulados, glabros, pétalos de 6-12 mm, oblongos, brancos, numerosos estames e ovario glabro, súpero. Froito en drupa pequena, globosa, glabra, vermella, con mesocarpo amarelado de sabor agre e endocarpo globoso e liso. O guindo considérase oriúndo do suroeste de Asia e cultívase como árbore froiteira en case toda España, chegando a asilvestrarse en Galicia, entre outros territorios. As guindas son de sabor máis acedo que as cereixas, teñen a polpa máis ou menos coloreada e utilízanse para a preparación de licores como o kirsch ou a augardente de guindas.



*Cerdeira de Aucella
Cereixedo- Cervoantes- (LUGO)*

*Perímetro na base 3,70 m.
A 1,30 m. do solo mide 4 m. de perímetro.*

A cerdeira de Mahoma ou de Santa Lucía, *Prunus mahaleb*, é na nosa terra un arbusto inerm e caducifolio de ata 2 m, aínda que fóra de Galicia pode chegar aos 10 m de altura. Ten ramiñas novas pubérgulas, despois glabras, que levan follas de ata 6 x 5 cm, simples, alternas, de ovadas a suborbiculares, de marxe serrado-glandulosa, con face lustrosa e envés, ás veces, lixeiramente pubescente, pecíolo de 1-2 cm, frecuentemente con 2 glándulas amarelas ou avermelladas, estípulas pequenas e caducas. Flores pequenas, aromáticas, coetáneas coas follas, agrupadas 6-10 en acios umbeliformes, con pedicelos de 1-2 cm, glabros; sépalos pequenos, reflexos, pétalos de ata 8 mm, obovados, brancos, estames en gran número e ovario glabro. Froito negro, do tamaño dun chícharo, glabro, con mesocarpo amargo e áspero e endocarpo liso. Medra no oeste de África, centro e sur de Europa e norte de África, téndose introducido en América; na península Ibérica é máis frecuente no norte e nordeste, e en Galicia é unha



especie autóctona que só se coñece en dúas localidades: Rubiá (Ourense) e O Courel (Lugo), sobre rochedos calcarios. Soporta ben o recorte e brota ben de raíz. A súa madeira ten un olor moi agradable, e amosa albura abrancazada e cerna de cor rosada; é moi homoxénea e pódese doadamente, con uso en ebanistería e marquería. As pólas dereitas empréganse na fabricación de pipas. Polo seu aroma, as flores son apreciadas en perfumería, as follas para aromatizar algunhas bebidas alcohólicas e o froito como colorante. A cerdeira de Santa Lucía tense empregado como patrón para enxertar cerdeiras e na formación de sebeiros.

Tamén é pouco frecuente en Galicia unha especie próxima á anterior, *Prunus padus*, “árbore da rabia” ou “pau de San Guirgorio”, que raramente chega aos 10 m de altura, con tronco de casca lisa, copa pouco densa e pólas estendidas, case verticiladas, sen espiñas, con follas de ata 10 x 6 cm, simples, alternas e caedizas, de obovadas a elíptico-oblongas, acuminadas, coa marxe finamente serrulado-glandulosa, face glabra e envés piloso sobre os nervios secundarios, peciolo longo, xeralmente con 2 glándulas vermellas ou mouras. Presenta numerosas flores pequenas e olorosas en longos acios axilares e colgantes; nacen despois das follas sobre pedicelos curtos e teñen receptáculo interiormente pubescente, sépalos curtos, erecto-patentes ou reflexos, ciliado-glandulosos, pétalos case suborbiculares, brancos, estames numerosos e ovario glabro. O froito é unha drupa negra e lustrosa, do tamaño dun garavanzo, con mesocarpo áspero, de sabor amargo, e endocarpo ovoide, salpicado de buratiños. Medra en Europa e Asia, pero é planta rara na rexión mediterránea e no norte de África; na península Ibérica atópase dispersa pola metade setentrional, chegando ata a Serra da Estrela (Portugal) e a Cordilleira Central. En Galicia encóntrase nas fragas e outros bosques caducifolios das montañas de Lugo e Ourense. Xa a principios do pasado século recolleu a súa presenza en Galicia o Padre Merino, na súa obra *Flora de Galicia*, citouno no arroio da Vara (Serra dos Ancares, Lugo), onde aínda medra. Reprodúcese vexetativamente de xeito doado, pois emite anovos e brota ben de cepa, e pódese multiplicar por estaquiñas. A madeira amosa cerna de cor vermella clara, densidade media, grao fino e pódese doadamente, pero é pouco duradeira; emprégase en ebanistería, tornería, fabricación de mangos, zocas e pipas, entre outros usos. A casca contén laurocerasina, con propiedades diuréticas e diaforéticas, e utilízase para tratar as febres intermitentes, gota, reuma e dores intestinais; o líquido acuoso obtido por destilación da casca e da infusión das follas calma a tose en casos de bronquite e asma. A casca empregouse tamén na medicina natural en substitución da do sanguíño, *Frangula alnus*, aínda que non posúe as propiedades purgantes desta última especie. A parte interior da casca, de cor verde, tivo utilidade para tinguir fibras téxtiles. Os

froitos son algo tóxicos, e tomados en abundancia poden causar vómitos. Non ten especial interese forestal, pero si ornamental, comercializándose múltiples formas e variedades con esa finalidade.

Afin ao "pau de San Guirgorio" é a cerdeira americana, *Prunus serotina*, árbore de gran interese forestal en América do Norte, que pode acadar os 30 m de altura, con follas de 8 x 5 cm, obovadas ou oblongo-elípticas, acuminadas, de marxe finamente serrada, de cor verde escura e brillante pola face e máis pálida polo envés, que é lixeiramente pubescente, con polo menos 15 veas laterais; peciolo cunha ou varias glándulas vermellas. Flores en grupos de 30-35 formando acios axilares de 6-15 cm de longo, coetáneas coas follas novas; cáliz persistente no froito, pétalos pequenos, de obovados a suborbiculares, denticulados no ápice, brancos. Froito de tamaño similar ao da especie anterior, subgloboso e deprimido nos extremos, avermellado ao principio e púrpura-moura na madurez, con mesocarpo carnoso, de cor púrpura escura e sabor doce, e endocarpo ovoide e liso. É orixinaria da parte oriental de América do Norte, empregándose en parques e xardíns como ornamental. En Galicia ensaiouse a súa introdución como árbore forestal, sen resultados moi bos, quedando algúns exemplares no Monte Aloia (Pontevedra) e restos de parcelas experimentais noutros montes, naturalizándose nalgúns casos, como na finca do Centro de Investigación e Información Ambiental de Lourizán (Pontevedra). A súa madeira é dura, de grao fino e homoxénea, pólese doadamente; emprégase en ebanistería e para a fabricación de instrumentos de música, caixas e mangos de utensilios de todo tipo. Durante o comezo da colonización de América moitos mobles de estilo colonial fabricáronse con madeira desta cerdeira americana, de cor parda avermellada, semellante á da caoba. As follas conteñen ácido cianhídrico que, ao liberarse pola acción dos enzimas estomacais, resulta un veneno moi perigoso. O epíteto específico *serotina* vén do latín *serus*, tardío, e fai referencia á aparición tardía das flores e á longa permanencia do froito sobre a árbore, ás veces ata o mes de outubro.



Rescatando un anaco da nosa Cultura

TRABALLO GANADOR DO CERTAME 2007



O OFICIO DE TONELEIRO

Autor: Aníbal Cid Babarro

INTRODUCCIÓN

Os “Toneleiros” eran carpinteiros con taller propio, especializados na fabricación de envases de madeira, especialmente en toneis, e empregaban o lume para domar a madeira. Había outras dúas variantes no oficio: unha, a dos “Selleiros”, especializados na fabricación de baldes, tinas e sellas de madeira; a técnica é a mesma, diferenciándose no emprego de arcos, que son sempre de ferro ou metal dourado; e a outra variante é a dos “Cubeiros”, que eran temporeiros do oficio, xa que a súa dedicación se reducía ao tempo da vendima, traballando o resto do ano na construción de tellados, pisos, arranxando muíños, etc. Facían cubas con madeira máis grosa ca a empregada en tonelería.



*D. Javier Fernández Lage
(Nogueira – Pontearreas – Pontevedra)*

A expansión do oficio en Galicia estivo ligado á da actividade agrícola que tivo lugar entre os séculos XII e XIII. A diversificación da produción e dos cultivos que provocou corresponde á extensión do viñado ás concas do Miño, Sil, Avia e do Arnoia, ás comarcas do baixo Miño, e ata ás áreas do norte (Betanzos, Viveiro, Ribadeo). A produción de viño foi excedentaria, pois producíase máis do que se consumía, e o excedente era comercializado en toneis cara ao exterior a través dos portos do litoral, que foron establecidos polas Cortes de Xerez de 1268, en tempos de Afonso X, sendo autorizados para “carga e descarga”.

Desde os primeiros anos do século XVI, como consecuencia do descubrimento de América, manexáronse máis recursos monetarios, ampliáronse os mercados aos novos territorios e xunto ao aumento da poboación foron factores de expansión económica. No século XV o porto de maior importancia era o de Pontevedra, cuxa relevancia queda reflectida polos habitantes da vila, que con 1.800, era a máis poboada do Reino de Galicia.

A abundancia de madeira permitirá a elaboración da tonelería, xa que os recipientes de madeira eran fundamentais para o transporte de viño, para envasado do “sain” (aceite prensado das magas e cabezas da sardiña) e para a salgadura de peixe, pola súa versatilidade para os desprazamentos de longa distancia.

A máis importante das partidas exportadoras foi a dos viños, polo menos ata o século XVI, xa que todos os datos dispoñibles poñen de manifesto a importancia deste produto no comercio marítimo desde os século XIII ao XVI. O arrendo da alcabalas en Pontevedra no ano 1459 revela que o 39% dos ingresos proviñan do viño, polo que se convertía na

principal partida recadadora. Os viños comercializados proviñan de Ourense e Ribadavia (Ribeiros) e da terra de Lemos, e os portos funcionaban como centro de reexportación. Os buques británicos que traían peregrinos a Santiago, voltaban cargados de viños galegos. No ano 1561 había en Pontevedra 24 toneleiros e no ano 1639 eran 9 os toneleiros existentes en Vigo.

OS ARTESÁNS

O legado ancestral da mestría toneleira é unha arte milenaria en vías de extinción, un oficio que se transmitiu de pais a fillos, que polo xeral se establece preto das ribeiras onde se colle o viño; e no caso da maioría dos "cubeiros" é un traballo temporal na época da vendima. Na destreza con que o toneleiro executa o seu traballo hai moita precisión; pero tamén boa dose de intuición, transmitida á fala popular no dito "a ollo de bo cubeiro", referíndose á boa vista do toneleiro para facer os toneis perfectos, sen moitas medidas.

Os clientes facíanlles o encargo por unidades, e xeralmente cando traballaban para un patrón facían a arreo, é dicir tanto producían, tanto cobraban, que era unha forma moi xusta de pagar e cobrar.

Os toneleiros non son só fabricantes de envases, cren no que lles dá a terra e buscan o mellor de cada carballo. A selección é torada por torada; non valen partidas dun monte, porque non todos os carballos teñen as propiedades necesarias. O mestre toneleiro encárgase persoalmente de escoller aqueles que oscilan entre os 75 e os 150 anos de antigüidade. Son carballas, xa que teñen menos nós e son máis grosos, e córtanse entre outubro e abril. Só interesan as mellores toradas ben escollidas para que non teñan fallas.

Os "cubeiros" eran carpinteiros que arranxaban, mais non adoitaban facer toneis novos; só se dedicaban a construír cubas, que eran envases de maior cabida destinados a estaren fixos nas adegas. Empregaban doelas ou liobas máis grosas e serradas, moi poucas veces fendidas.

Os informantes foron D.Manuel Fariñas Viso e D. José Villar, "Cubeiros" de Remoíño, Arnoia (Ourense); D.Manuel Almuíña, "Toneleiro" de San Cristovo, Ribadavia (Ourense) e D. Javier Fernández Lage, "Selleiro" de Nogueiras, Pontearreas (Pontevedra).



D. Manuel Fariñas Viso
(Remoíño – Arnoia – Ourense)



D. Javier Fernández Lage
(Nogueira – Pontearreas – Pontevedra)



Taller de D. José Villar
(Remoíño – Arnoia – Ourense)



Antiga Tonelería de D. Manuel
Almuíña (San Cristovo –
Ribadavia – Ourense)

OS TONEIS

O historiador romano Plinio o Vello testemuña que os Galos (Franceses) foron pioneiros na fabricación de toneis de madeira axustados sen cravadura nin ensamble, mediante a simple presión das súas doelas por medio de arcos de rama ou vimbio.

Teñen utilidade fundamentalmente no comercio do viño, superando en capacidade de movemento as ánforas e pelellos, que supuñan carga directa e limitaban a relación esforzo/volume. A forma dos toneis permitía o movemento por rodaxe e envíos de maior cantidade de viño. Entón o espesor das doelas e a natureza do carballo contribuían, por resistencia, aos choques de caída dende as carruaxes.

No século XVIII os toneis empréganse como simple elemento de transporte; no século XIX para transporte e estabilización. Xeneralizada xa a botella como unidade de comercio, é preciso soste o viño na adega certo tempo para que chegue ao consumidor limpo como o embotellado. No século XX empréganse tamén para o viño de crianza. "Canto mellor é un viño, máis tempo debe estar na adega". Dependendo do tipo de madeira en que estea feito o tonel novo e do tipo de viño que se introduza, lograse un distinto grao de maduración. O tonel dá redondez ao viño, achegándolle uns aromas que se aprecian na boca e no retrogusto; para os viños de calidade úsanse toneis moi estudados, non soamente en canto á clase de madeira, senón á súa humidade, procedencia, e ata o "queimado" da súa fabricación. Así, se se fai un queimado forte, achegarase ao viño uns matices avainillados fortes en nariz, e se é moi fino, sensacións de verdor.

A fabricación era segundo a necesidade do cliente, sendo normal a seguinte:

"Toneis ou Pipotes"	16 a 200 litros.	1 a 12 olas.	0 a 1,50 moios.
"Bordolesas" (estándar actual)	225 litros.	14 olas.	1,75 moios.
"Medias Pipas"	250 e 350 litros.	16 a 22 olas.	2 a 2,75 moios.
"Pipas ou Bocois"	400 e 1200 litros.	25 a 75 olas.	3 a 9 moios.
"Cubas"	1280 a 3200 litros.	80 a 200 olas.	10 a 25 moios.

O tonel ten varias partes: a cada unha das dúas bocas chámase "testa"; á parte máis ancha chámase "ventre"; e ás dúas partes que hai entre "testa" e o "ventre" chámase "pescozo". Ten pois o tonel dúas testas, dous pescozos e un ventre.

No proxecto do "Roble español para el envejecimiento de vinos de calidad" promovido por D^a Estrella Cadahía, do Instituto Nacional de Investigación Agraria (INIA), no que colaboran científicos do Instituto de Fermentacións Industriais do CSIC, afirma que as propiedades estruturais da madeira son decisivas, xa que debe cumprir unha serie de características físico-mecánicas como baixa porosidade e permeabilidade, tamaño do anel e densidade axeitados, alta resistencia mecánica, facilidade de fendido e alta duración.

Na Península Ibérica predominan tres tipos de carballo: *Quercus robur*, *Q. petraea* e *Q. pyrenaica*. Os dous primeiros atópanse no norte peninsular e son similares aos aromas do



*Antiga Tonelería de D. Manuel Almuíña
(San Cristovo – Ribadavia – Ourense)*

carballo francés. O pyrenaica atópanse por Castela-León e norte de Estremadura; principalmente dá un sabor máis forte, tendendo ao carballo americano.

Para os toneis de viño, a madeira mellor considerada ata agora é o carballo francés, *Quercus Pedunculata*: xera aromas de vainilla e afumados. Ten denominación de orixe segundo a zona de procedencia: Allier, Vosges, Tronçais, Nevers. O seguinte en valoración é o carballo americano, *Quercus Alba*: transmite aromas tropicais e unha certa sensación doce. Procede de Missouri, Kentucky, Pennsylvania e Ohio. Nos derradeiros anos, por cuestións económicas, emprégase o carballo do leste de Europa, *Quercus Petraea*: achega sensacións de especias e afumados. Procede de Romanía, Hungría, Ucraína e Bulgaria.

O PROCESO DE FABRICACIÓN

Hai cousas que poden mellorarse co tempo, facerse máis cómodas e rápidas; pero hai outras que se conservan durante centos de anos, porque é como deben facerse.

MADEIRA

Os toneis fanse de carballo "rachado", isto é, abrindo as toradas e cortándoas de forma que as doelas teñan vetas paralelas; ten que ser cortado de dentro a fóra, para evitar que curven as doelas. Xeralmente fanse toneis de ata 350 litros con doelas obtidas co método de rotura, xa que teñen pouco espesor (de 25 a 30 mm) e emprégase madeira de castiñeiro, porque é máis doado traballala ca a de carballo, que no proceso de serrado con espesores inferiores aos 35-40 mm non garante a estanquidade; mentres que nas cubas con espesores máis grosos lógrase garantir a perfecta estanquidade con ambos os tipos de madeira e pódense empregar doelas obtidas por rotura ou por serrado.

O castiñeiro, apreciado pola súa madeira resistente, emprégase para toneis e cubas; pero debido á súa tendencia a rachar e dobrar non se corta en pezas grandes.

SECADO

O carballo contén un 40% de auga, que debe reducirse co paso do tempo ata que se consiga un 12% de humidade. Se o secado se fixese rápido, o tonel non tería os parámetros de calidade necesarios para darlle as súas propiedades ao viño.

O proceso comeza co "encastelado" da madeira no exterior, colocando cada capa cruzada coa anterior e separando as táboas que se han de transformar en doelas. Estarán amoreadas no secadoiro, ao aire libre, durante dous ou tres anos. Nalgúns casos móllase a madeira para que o secado sexa máis lento.

No parque de secado desenvólvese a fase de maduración da madeira a través das incidencias climáticas: os raios UVA, a humidade das choivas e os ventos propician as bacterias e os fungos que fan o traballo do curado, madurado e secado da madeira.

A lixiviación é a acción da auga sobre a madeira, que permite que se limpe a tinta e os compoñentes negativos que se poden transmitir posteriormente ao viño e que



Taller de carpintería de D. José Vilar (Remoíño – Arnoia – Ourense)

medren algúns compostos aromáticos. Antigamente os “serranchíns”, cando cortaban madeira para os toneleiros, deixában a tempo a remollo nun regato para que perdesse a tinta (taninos), que lle dá mal sabor ao viño.

CORTE DAS TÁBOAS

Unha vez que a madeira está no seu óptimo secado, cortan as táboas “entállanse”- segundo a medida das doelas (corte estándar sobre 96 cm. de longo, de 5 a 12 cm. de ancho e 2’5 a 3 cm. de espesor). Os recortes da madeira e as doelas que teñan moitos nós resérvanse para o lume do domado e para o queimado natural.

Polo xeral eran os “serranchíns” os que cortaban e preparaban as toradas no monte, logo facían a “estada”, estrutura para manter no aire a torada coa axuda por un lado dun “burro” (cepo con dous pés no que se fai unha entalla), e de dúas gallas grosas atadas con cordas polo outro, de forma que se puña un home por baixo e outro enriba, para ir sacando coa “serra de aire” os pastóns de 8 a 10 cm. de espesor, que logo se cortaban en táboas de 4 a 5 cm. A partir de aquí, os “cubeiros” facían as doelas ou liobas serradas, que non eran chairas, dándolles dous cortes que se xuntaban no medio formando un ángulo moi aberto; despois recórtanse as cabezas de xeito que quedase o medio máis ancho. Feita unha doela ou lioba, emprégase como patrón para facer as demais, de forma que saísen todas iguais. A proporción que deben levar entre si as medidas é calculada a ollo, sendo raro que non saian ben sen precisar máis tenteos. Feitas todas as doelas, hai que facer o “rexistro ou ventre”, que é un risco no medio da lioba, que ao armar a cuba se fan coincidir. O ventre calcúlase trazando arcos coa mesma abertura de compas dende as esquinas da doela ou lioba, de forma que definan dous puntos centrais separados uns 20 cm., dos cales se calcula o punto medio que é o do ventre, o cal se marca coa “serra de cota”.

MOLDEO DAS DOELAS

O toneleiro comeza preparando entre 25 e 35 doelas para un tonel estándar. Teñen forma empenada por fóra e non son rectangulares; ou sexa, máis estreitas nos bordes para



*Taller de D. Manuel Fariñas Viso
(Remoíño – Arnoia – Ourense)*

axustarse no curvado, xa que os toneis nas súa testa teñen menos diámetro que no ventre.

Sérranse, cantéanse, ráspanse e baléiranse, rebaixándoas progresivamente na súa parte central interior para que ao batelas non partan ou rachen, iguálanse de grosor, dándolles finalmente a forma. Ao facer as doelas, o artesán emprega a aixola para desbastar polas dúas caras



Taller de D. Manuel Fariñas Viso (Remoíño – Arnoia – Ourense)

unha cara e logo a outra. Continúa preparando o xuntado das doelas, que consiste en facer as xuntas laterais, desbastalas de forma angular para que a súa ensamblaxe sexa perfecta, traballo que vai comprobando coa “montea” (patrón que define a curvatura ou volta exterior e o ángulo cara ao interior); remátanse no “banco cepillo” (garlopa colocada en posición inclinada, e coa coitela cara a arriba, de forma que o toneleiro fai a forza coa doela cara a abaixo para cepillar, aproveitando o seu propio peso).

LEVANTADO DO CASCO

Unha vez preparadas as doelas que formarán o tonel, “gálganse”, ou sexa, pónense todas xuntas e mídense para saber se temos o perímetro desexado; esta é unha operación clave para que na fase do curvado as doelas teñan a tensión xusta. Logo, procédese a “levantar o casco”: escollendo unha doela ancha e outra estreita, pónense intercaladas de forma vertical dentro do primeiro arco de ferro chamado “testa”, o cal se coloca na parte superior das doelas. Unha vez completado o casco, fíxanse as doelas con dous arcos máis de ferro colocados a continuación do primeiro, chamados “medio” e “tripeiro”, facendo o apertamento necesario. O conxunto destes tres arcos chámase “medios xogos”, xa que fan falla outros tantos para completar o tonel, e serven para levantar o casco e comprobar que todas as doelas teñan as dimensións precisas. As cubas “levántanse de pé” con dous arcos, un posto no chan, ao cal se amarran cunha torniqueta tres liobas repartidas na circunferencia, e logo colócase outro arco na parte de arriba, do mesmo xeito; e de seguido vanse axustando o resto das doelas. Ao chegar á derradeira, ponse o arco tripeiro, repetando co “chazo”, e quítanse as torniquetas; deste xeito queda “erguida” a cuba.


CURVADO AO LUME

A curvatura das doelas ao lume directo serviu -e segue servindo- como elemento básico construtivo dos envases de madeira, xa que mediante a calor as doelas “dómanse” (dobran) permitindo formar os toneis. Unha vez armado medio casco cos seus arcos provisionais, lévase á sala de domado, (cheira a pan quente, cascas de abelá e ás veces a café, cando o queimado é máis forte), onde se curvan as doelas e se corrixen os defectos por medio do lume lento feito con combustible de carballo. Segundo se vai quentando o interior, móllase con auga a parte exterior das doelas co obxecto de facelas flexibles e polo tanto un domado máis rápido, en menos tempo. A madeira ten que alcanzar unha temperatura media, o carballo moldéase a uns 425 graos durante unha hora e, no momento en que colle a súa mornura, amárrase co “torno manual de armar” a parte baixa do barril, no seu extremo libre aínda sen arcos, que lentamente irán pechando as doelas, segundo o permita a elasticidade da madeira. A presión exércese con lentitude para evitar quebrantos, pero antes de que a madeira arrefría. Pechadas as doelas na parte inferior, colócaselle outro arco de ferro para que manteña a forma, deixando arrefriar o tonel antes de seguir coa elaboración.

OS ARCOS


Antigamente facíanse de “pau vergueiro”, ou sexa, vidos ou carballos delgados e longos que se fendían cada un en dous, cepillábase o medio e, para darlles a forma, metíanse no “poldro” (forma feita dun cepo de madeira entallado por riba, co mesmo diámetro que ha de ter o arco); poñíase onda unha parede e, metendo nun burato dela o cabo dunha panca longa de madeira, íase “traballando”, calcando para domealo, o medio carballo posto enriba da entalla, o cal se vai correndo ata que queda ben domeado. Ao conseguilo, córtanse ao longo preciso, afíase en bisel os cabos e átanse con vimbios, quedando o arco rematado.

Os arcos, hoxe, son reforzos feitos con lamia metálica de ata 6 cm. x 6 mm. de espesor, co longo preciso e cerrados con dous remaches. “Arquéanse” pasándoos por uns rolos de ferro que xiran un a carón do outro, e, unha vez cerrados a golpe de marra sobre a bigornia, dáselles “a caída” para adaptalos ao contorno do tonel ou cuba. Os dos extremos chámanse “testeiros” por colocárense na testa do tonel, mentres que os do ventre son



AS FERRAMENTAS DO TONELEIRO / SELLEIRO / CUBEIRO

- | | | | | |
|------------------------|-------------|-------------------|----------------------------|---------------|
| 1- Aixela | 8- Gubia | 14- Chazo | 20- Machada | 26- Sebo |
| 2- Serra de volta | 9- Trencha | 15- Serrón | 21- Berbequí | 27- Escofina |
| 3- Garlopa | 10- Compás | 16- Marra | 22- Platina colocar fondos | 28- Escuadra |
| 4/5- Cepillos de volta | 11- Fitas | 17- Codal | 23- Panca ferro | 29- Garlopín |
| 6- Formón | 12- Martelo | 18- Torniqueta | 24- Gato | 30- Bigornia. |
| 7- Trade, | 13- Tenaces | 19- Serra de cota | 25- Gargaleira, | |



Torno manual de armar Toneis.

os "tripeiros", e "medios" os que cinguen a parte máis ancha do tonel. Os arcos empregados para moldear o tonel son provisionais e de tamaño estándar, e o seu axuste faise martelando co "chazo", que é unha especie de cicel grosso e pequeno con fío plano ancho.

Só cando as doelas están ben axustadas se colocan os arcos definitivos, empezando polo "testeiro" e seguindo polos arcos "medios" e "tripeiros", que son os do ventre. Vanse apertando e "repetando" a conciencia.

RASCADO E PUÍDO

Cando o tonel está frío, repásase e ráscase a superficie interior. Unha vez rematado o proceso de "bater" procederase á limpeza e preparación da parte inferior e superior das doelas; isto é, iguálanse as cabezas e córtanse en ángulo (bisel) os dous extremos, entre o seu bordo exterior e o "gargal" (rañura onde se encaixan os fondos) e iguálase a parte superior interna das doelas.

Para afinar o bisel exterior, faise a golpes de "aixola" primeiro, e logo, empregando os "cepillos de volta", elimínanse as desigualdades da superficie interior, á vez que se talla o "gargal", que é a canle que está case no bordo e que será onde deberán encaixar a "pibida" ou bordo das tempas ou fondos. Faise cun cepillo especial cunha coitela ao efecto que se chama "gargaleira".

QUEIMADO

Acéndese un pequeno lume que lle axudará a "torrar" a madeira; faise en pequenos pozos de pedra baixo o chan, e os toneis colócanse enriba, sen grella. Para avivar o lume, métese aire por unhas reixas que comunican cos pozos. Previamente móllanse as doelas, e unha vez ben empapadas sométense a un lume suave e prolongado que as volve flexibles, evitando así os riscos de rotura no posterior alabeo. Este lume con combustible de carballo elimina as impurezas do tonel, ao mesmo tempo que altera a súa química, dándolle un valor engadido á maduración posterior.

O mestre toneleiro intenta darlle o toque que a súa experiencia lle dita a cada tonel; pero o braseiro non deixa de ser un uso do lume tradicional e aleatorio, polo que pode ter unhas partes máis queimadas que outras. O queimado pode ser lixeiro, mediano ou forte. Os fondos quéimanse por separado e logo axústanse. O queimado é fundamental porque a lignina da madeira é termosensible e, modificándose, dá lugar ao característico aroma de especias, coiro, chocolate, afumado, etc. que aparecen nas catas dos viños de crianza.


PREPARACIÓN DOS FONDOS

O toneleiro aproveita o tempo que dura o queimado para preparar as "tempas" ou "fondos"; nas cubas fanse en seccións soltas e nos toneis en partes que se unen con "fitas" (cravos sen cabeza). Nalgúns lugares, entre medias de sección ou táboa dos fondos ponse unha tira de anea ou xunco, como elemento de estanquidade.

Do mesmo xeito que se fai o gargal do tonel, hai que preparar a "píbida" ou bordo dos fondos cun bisel de ángulo agudo. Para isto, o toneleiro axúdase coa "serra de volta" e logo, no "banco de resoira", cunha "resoira" (coitela dun fío con dous mangos), remátao polo miúdo.

As "tempas" ou "fondos" están formadas por varias seccións ou partes; as pezas dos extremos en forma de media lúa son os "rodos", logo van os "largueiros" e a "peza do medio" ou mediano; elixense pezas de madeira impares para a testa onde vai a "tufo" de sacar o viño, na outra testa non é necesario. Nas cubas grandes as tempas refórzanse, para darlle rixidez, coa "estronca", que é unha peza atravesada polo exterior, coa píbida encaixada no gargal e asegurada por tirafondos de cabeza redondeada tipo gota de sebo.

Unha vez que fixo a sección completa da tempa, ten que trazar a circunferencia. Para iso toma a medida exacta cun compás no "gargal", busca a sexta parte - "sextar a cuba"- para obter o radio de fondo, de forma que en 6 arcos do compás se forme a circunferencia da tempa precisa para cada tonel. Hai que ter en conta que todas as tempas, ata as dúas dun mesmo tonel, son distintas (pouco ou moito, pero distintas). Unha vez rematado o trazado, procédese a cortalo coa serra de volta.



Arranque do levantamento de cubas mediante torniquetas.

COLOCACIÓN DOS ARCOS


Colocados os fondos nos seus correspondentes gargais, en primeiro lugar colócanse os arcos provisionais na parte superior e inferior do tonel. Déitanse os toneis (para igualar as doelas pola parte exterior) e móntanse todos os arcos de forma provisional. Tómase nese momento a medida dos distintos arcos finais que fan falla e vanse facendo con lamia metálica e con dous remaches cada un. Unha vez feitos todos os arcos, vanse substituíndo os provisionais que tiña polos novos de aceiro galvanizado, que serán os definitivos.

Tras o puído, colócanse os tres arcos restantes, tanto da parte superior como da inferior, denominados Tripeiro, Arco Medio e Testa, os cales completan os seis arcos que normalmente se montan nun tonel. O toneleiro, antes de colocar cada arco definitivo, impregna a zona onde vai estar colocado con "engrudo" (fariña e auga) para tapar os posibles poros ou fisuracións que poida ter. Unha vez rematados de colocar todos, sóltanse de novo os cercos "tripeiros" e pólese o exterior coa "resoira", que é unha coitela con dous mangos para asir e facer a forza, tras o cal se volven montar (xa de forma definitiva) os arcos. Para rematar, perfóranse as bocas que servirá para encher e baleirar o casco.

ACABADO E PROBAS DE ESTANQUIDADE

Para colocar os fondos, énchese con “sebo” (graxa sólida de animais herbívoros) o gargal (xunta de peche dos fondos), afróuxanse os dous arcos da parte superior do tonel para poder “encaixar” o fondo, o cal se apunta no gargal, e faise virar para que axuste. Cando está practicamente todo no gargal, axúdase dunha platina e unha panca de ferro para rematar de encaixalo; logo, vólvense a apertar os arcos ata deixar montado o fondo.


Tan só queda xa o vernizado exterior, que se fai dun xeito suave co obxecto de non obstruír os poros da madeira e a colocación da espita, a cal se pon facendo un buraco de forma cónica nun dos fondos para aloxar nel dita espita facéndoa virar ata que encaixe perfectamente. Para rematar colócase o tonel tendido e faise outro burato na parte superior central que é por onde se botará o viño para enchelo. Unha vez finalizada a fabricación do tonel, sométese a un rigoroso e severo exame para comprobar que non teña fugas e que está en perfectas condicións para ser empregado. Para limpar o casco e comprobar a súa estanquidade, énchese de auga quente a piques de ferver e remóvese para que ao baleirallo se eliminen as impurezas. Tras as comprobacións para evitar fugas, os toneis están listos para ser entregados. Acostúmase a deixalos con auga para manter a humidade, pero non cheos completamente. Nestes casos engádeselles unha substancia para conservar a auga e que cheguen perfectamente ao seu destino na adega.



*D. Javier Fernández Lage
(Nogueira – Pontearreas – Pontevedra)*



Emprego do gato para igualar as doelas, antes de facer o gargal.



Colocación dos Fondos, mediante unha platina e a panca de ferro.

A RESTAURACIÓN

A reparación, co cambio de doelas estragadas, é un traballo moito máis difícil ca o de facer un tonel novo. Hai que encaixar as vellas doelas coas novas e domalas por separado. Para isto é fundamental calcular a “montea” que permita, sen desmontar a cuba enteira, sacar do seu sitio a doela estragada, preparar unha nova e encaixala na cuba vella.

Os traballos de recuperación de cubas ou toneis nos que se estragara o viño, que teñan pique ou ermo por estaren sen uso, levábanse ao taller, onde desmontaban as tempas e se queimaba un pouco polo interior con carqueixa mollada. Este é un labor complicado que hai que facer con moito coidado, pois teñen alcohol e lanzan lume, o cal pode ferir o toneleiro, ou queimar o gargal. Dábaselle a volta á cuba para que non saíse fóra o lume e que o queimado fose lento.

ACTUALIDADE

Nos toneis de Carballo fermentan e crían cada vez máis viños brancos en Galicia e cada vez con maior interese. Proba diso é que o “Mellor Viño Branco” no “Concours Mondial de Bruxelles”, foi “Carballo Galego 2004”, elaborado pola adega Condes de Albarei, que obtivo a Gran Medalla de Ouro.

A marca escocesa de whisky “The Macallan” emprega toneis de carballo galego para criar durante anos o seu licor. Este achégalle a cor, a textura e o aroma a froitos secos que buscan os sibaritas. A madeira dos montes lucenses córtase nos serradoiros, e quedan amoreadas as táboas durante seis meses, nun primeiro proceso de secado. Ata que transcorran, a madeira non se envía a Xerez, onde o proceso se alonga entre 12 e 18 meses máis. Aquí é onde o carballo será transformado, facendo 70 toneis ao día, uns 20.000 anuais.

O custo dun tonel de carballo galego é superior ao dun de carballo americano; pero en “The Macallan” teñen claro que é o carballo galego o que contribúe de forma decisiva ao sabor único que perseguen e así o sentencian: “A nosa empresa non podería soportar un ano sen as árbores de Galicia”.

O crítico gastronómico estadounidense Gerry Dawes, en visita ás denominacións de orixe galegas, di: “La utilización de madera nueva es un tremendo error. La crianza en barrica no fue pensada para dar a los vinos sabor a roble. La madera nueva oculta por completo el encanto del terruño que tienen muchas zonas de Galicia. Si enmascaras la materia prima, arruinas lo bueno que tiene. La estás convirtiendo en sopa de roble”.

Actualmente, na Denominación Orixe Rioxá, fanse ao ano un millón de toneis novos.

COPLAS

O Padre Frei Martiño Sarmiento, refírese aos toneleiros de Pontevedra nas coplas 126 e 127 do seu libro “Coloquio en mil duascenas coplas galegas”, publicado no ano 1751:

/ Na vila traballan / tantos toneleiros, /
/ que abouxan as rúas / con tanto golpeo: /
/ Toneles e pipas / de novo fan presto, /
/ e alimpian, remendan / os pipotes vellos./



NOVO CERTAME CONVOCATORIA ANO 2008

TEMA: A OLIVEIRA EN GALICIA. OS MUÍÑOS DE ACEITE

SYNGENTA AGRO, continuando coa tradición deste “**Almanaque**” de rescatar un anaco da nosa cultura, establece para este ano un novo “Certame”, dotado cun PREMIO DE 600 EUROS ao mellor traballo sobre o tema “A oliveira en Galicia. Os muíños de aceite”; dito traballo gañador publicárase na próxima edición do “ALMANAQUE AGRÍCOLA ZZ”.

BASES DO CERTAME

- 1) Poderán participar todas as persoas que o desexen, agás os distribuidores e empregados da Compañía e os seus familiares directos.
- 2) Os concursantes deberán enviar os seus traballos a SYNGENTA AGRO, referencia “CONCURSO” a, A Relva s/n 36400 O Porriño (Pontevedra), antes do 30 de Setembro de 2008. Os traballos achegados non serán devoltos e a Compañía poderá empregalos para outras publicacións da mesma.
- 3) Os traballos han de estar redactados no **idioma galego normativo**, cunha extensión máxima de seis follas con letra e espazo normal, sendo tamén necesario remitilos á empresa nalgún soporte informático (CD, disquete,). Admitiranse traballos electrónicos que serán enviados á ligazón Syngentaagro.es, e deberán versar sobre os seguintes aspectos:
 - Historia da oliveira en Galicia. Situación desta especie na actualidade. Xeografía. Plans de futuro.
 - Características ecolóxicas e botánicas da árbore. Agronomía. Vexetación, esixencias e recolleita do froito.
 - Os muíños. Mecanismo de funcionamento. Esquemas e gráficos.
 - Elaboración do aceite. Usos deste produto. Aplicacións gastronómicas. Receitas.
 - Refráns, ditos, cantigas, lendas ou pequenos contos relativos a oliveiras, aceiteiros e muíños de aceite.

Nota: no apartado gráfico valoraranse especialmente debuxos ou gráficos inéditos, non admitíndose fotografías baixadas de internet.

- 4) O Xurado que outorgará o premio ao mellor traballo estará composto por persoal de SYNGENTA coñecedor da cultura galega, e o seu veredicto darase a coñecer a partir do 1º de Outubro do 2008.

KARATE[®] CON TECNOLOGÍA ZEON[®]

Insecticida de Control Múltiple

Avanzada formulación
en MICROESFERAS
de rápida liberación,
repletas de eficacia.

TECNOLOGÍA ZEON • RÁPIDA ACCIÓN
EFICACIA CONTRASTADA
BAIXO RISCO ECOTOXICOLÓGICO
VERSÁTIL • COMPATIBLE



As novas Castas de Vide

A variedade "Espadeiro"

1. Sinonimias:

Torneiro, Padeiro, Areal, Tinta dos Pobres (Portugal).

2. Ampelografia:

Brote aberto, laúdo, francamente carminado.

Pámpanos semierguidos, entrenós con estrías avermelladas polo dorso e verdes pola zona ventral. Entrenós pouco ou nada pilosos.





Becelos de sección elíptica e cor amarelado-acastañado. Nós moi voluminosos.

Follas adultas de tamaño medio, cuneiformes, trilobuladas, de perfil irregular, cor verde-escura brillante, con dentes curtos. Pilosidade escasa ou nula na face e abundante nos nervios do envés. Seo peciolar en V.

Acios medianos, de forma entre cilíndrica e cónica, algo compactos, pedúnculo de curto a medio.

Grans esféricos, de tamaño mediano, cor azul anegrazada e con moita pruína. Polpa incolora, pouco succulenta, algo acidulada, sabor especial. Característica varietal marcada é que o pedicelo se separa con moita facilidade.

3. Fenoloxía:

37,5% ciprodinil. 25% fludioxonil WG.
25x20 g, 300 g, 1 kg.

Nº 21714 _ (A-B) N

2 días amorodos, 3 días berenxena, tomate, corcubitáceas de pel comestible, feixóns verdes e pementos. 14 días en leituga e pereira 7 días en viña e outros cultivos.

Funxicida específico contra botrite nos cultivos de viña, amorodos, pemento, melocotoeiro, albaricoqueiro, cerdeira, ameixeira, feixóns verdes, leitugas, berenxena, tomate, corcubitáceas de pel comestible. Tamén controla monilia, sclerotinia e asperxilo.

DOSE: 60-100 gr/hl en todos os cultivos excepto leituga (0,5-0,6Kg/ha) e viña (0,6-1 kg/ha).

THIOVIT JET

80% xofre en microgránulos mollables.
1 Kg, 10 kg, 25 kg.

Nº 12901 Xi (A-A) _

3 días en hortícolas non de folla e 5 días demais cultivos. NP ornamentais leñosas.

Funxicida a base de xofre en microesferas, con acción por contacto e vapores, contra Oídio, Ácaros, Eriofidos e Negrilla, nos cultivos da Vide, Hortícolas, Froiteiras e outros cultivos.

DOSE: 250-750 g/hl segundo cultivos.

TOPAS 200 EW

NOVO

% penconazol.
500 ml, 1 l.

Nº 21291 Xn (A-A) N

3 días en melón e sandía. 14 días en vide e outros cultivos; NP en amorodo.

Funxicida antioídio, sistémico de acción preventiva que ademais detén a infección durante o período de incubación. Para cultivos de viña, froiteiras, amorodos e outros cultivos.

DOSE: 15 - 25 ml/hl conforme os cultivos.

TRI-MILTOX N

12 % mancoceb. 13,9% cobre metal baixo as formas de sulfato, oxiclouro e carbonato WP.
1 kg, 5 kg.

Nº 15932 Xi (A-B) N

3 días Solanáceas e corcubitáceas; 21 días Leitugas, Feixóns verdes e Apio; 28 días Froiteira de pebida e 15 días resto cultivos.

Funxicida preventivo contra Mildeu e outras enfermidades, de acción por contacto, que polo seu contido nas tres formas de cobre mais o mancoceb, ten gran eficacia pola súa regularidade de acción e persistencia. Cultivos da vide contra Mildeu; Pataca, Tomate e hortícolas contra Mildeu, Alternaria, Septoriose e Antracnose; tamén en Froiteiras contra Moteado, Monilia e Fosicocum.

DOSE: 400-600 g/hl segundo cultivos.

HERBICIDAS

AGROXONE

40% MCPA (Sal potásico)
1 l, 5 l.

Nº11412 Xn(A-B)_

15 días

Herbicida para o control de herbas de folla ancha, en tratamentos herbicidas en post-emerxencia en cultivos de Trigo, Cebada, Millo, Sorgo, Liño e Praderías de gramíneas.

DOSE: 1,5-3 l/ha, praderías de gramíneas 3-4 l/ha.

ARIZONA

NOVO

40% Clortoluron SC. 2,5% Diflufenicam
5 l.

Nº23912 Xn (A-A) N

S.: NP

Novo herbicida de pre postemerxencia contra herbas anuais de folla estreita e ancha. Para utilizar nos cultivos de Trigo e cebadas de ciclo longo.

DOSE: Para trigo, aplicar despois da sementeira ou cando o trigo teña tres follas a dose de 1,75 a 3 l/ha. En cebada, antes de nacer ou despois de nacer cando teña tres follas a dose de 1,75-2,5 l/ha.

AUROS PLUS

80% prosulfocarb EC.
20% triasulfurón WG.
3x3 l + 6x15 g.

Nº 18087 Xn (A-C) _
Nº 17925 Xi (A-A) N

Herbicida de pre e postemerxencia contra herbas anuais de folla estreita e ancha. Para utilizar nos cultivos de Trigo e Cebada.

DOSE: Para trigo aplicar pouco despois da sementeira e antes de que as herbas teñan dúas follas. En cebada aplicar en postemerxencia do cultivo e antes de que as herbas teñan dúas follas. 4-6 l/ha do AUROS (Prosulfocarb 80%) máis 50-75 g/ha do LOGRAN (Triasulfurón 20%).

BANVEL D

48% dicamba SL.
1 l, 5 l.

Nº 11533 _ (B-A) N
2 meses para a colleita da forraxe ou a entrada do gando.

Herbicida de postemerxencia contra herbas anuais de folla ancha. Traslócase a través das follas, brotes e raíces.

Para utilizar nos cultivos de Trigo, Cebada, Avea, Millo, pradeiras de gramíneas e céspedes.

DOSE: No millo aplicarase cando teña entre 4-8 follas a dose de 600-750 ml/ha (140 ml/hl). En cereais dende 3 follas ata o final do afillado a dose de 300-500 ml/ha (100 ml/hl). En pradeiras e céspedes 0,6 l/ha (150 ml/hl).

BANVEL TRIPLE

29,6% 2,4-D amina. 26,5% MCPA amina.
10% dicamba amina SL.
1 l, 5 l.

Nº 13537 Xn (B-A) N
21 días dende a aplicación ata o consumo do pasto polo gando.

Herbicida de postemerxencia contra todo tipo de malas herbas de folla ancha nas pradeiras e céspedes de gramíneas xa establecidos. Tamén para os cultivos de: Trigo, Cebada, Avea e Centeo.

DOSE: 0,8-1,5 l/ha (200-375 ml/hl). En pradeiras aplicarase preferentemente ó inicio da brotación ou 1-2 semanas despois dun corte. En Cereais o mellor momento é o afillado antes de encanar. A temperatura debe ser entre 12-24°C.

CALLISTO

10% mesotrione SC.
250 ml, 1 l, 5 l.

Nº 22313 Xn (_-) N
Non utilizar cerca de cursos de auga deixando sen tratar unha banda de seguridade de 5 m.

Novo herbicida para o cultivo do millo, contra a Xuncia e outras herbas cando estas son noviñas.

DOSE: 1,5 l/ha (40-50 ml/mochila de 15 l para tratar uns 250-300 m² de terra). Bótase co millo nacido e cando a Xuncia é noviña, entre 2-4 follas. Pódese repetir o tratamento entre o Millo se xorde outra camada de herba.

CAMIX

37,5 % S-Metolacolor.
3,75% Mesiotrione. 1,875% Benoxacor.
1 e 5l.

NOVO
Pendente
de rexistro

Novo herbicida de pre e postemerxencia precoz contra herbas de folla estreita e ancha no cultivo de millo. CAMIX leva na súa composición unha substancia protectora que impide producir fitotoxicidade ao cultivo (Benoxacor).

DUAL GOLD

96% S- metalacloro EC.
1 l.

Nº 22126 Xn (_ _) N

Non utilizar cerca de cursos de auga deixando sen tratar unha banda de seguridade de 20 m.

Herbicida activo contra gramíneas anuais: Echinocloa, Dixitaria, Setaria, Lolium, e outras. É moderadamente sensible á Xuncia. Indicado para os cultivos de: Millo, Pataca, Remolacha e Xirasol. As aplicacións en postemerxencia deben ser só con herbas moi noviñas. Herbicida axeitado para mesturar con PRIMEXTRA TBA GOLD no cultivo do Millo.

DOSE: En Pataca e Remolacha 0,5-1,5 l/ha e en Millo e Xirasol 0,5-2 l/ha.

FUSILADE MAX

12,5% fluazifop-p-butil EC.
1 l.

Nº 15814 Xn (A-B) N

21 días para colleitas e entrada do gando. 3 meses para sementar cereais.

Herbicida selectivo nos cultivos de folia ancha, sistémico de postemerxencia para o control de gramíneas anuais e perennes. Pode botarse nos cultivos de: Pataca, Leguminosas, Hortas, cultivos Industriais, Florais e Ornamentais. Tamén en Froiteiras e Vide.

DOSE: 1,25-2 l/ha (312-500 ml/hl) para gramíneas anuais, en perennes duplicar a dose e facer dúas aplicacións.

PRIMEXTRA TBA GOLD

96% S-Metolacloro EC.
50% Terbutilazina SC.
1 l + 2x1 l.

Nº 22126 Xn (_ _) N

Nº 19781 _ (_ _) N

Non utilizar cerca de cursos de auga deixando 4 l + 5 l sen tratar unha banda de seguridade de 50 m.

Herbicida de preemerxencia contra herbas anuais de folia ancha e estreita para o cultivo do millo.

En terras con alto contido en materia orgánica, para asegurar os resultados, pode empregarse en postemerxencia temperá, con herbas en estados de desenvolvemento precoces. Para máis eficacia poderán subirse as doses de DUAL GOLD. (S-Metaclo 96%).

DOSE: en millo: 0,5-2 l/ha de DUAL GOLD (S-Metolacloro 96%) + 2 l/ha de CUÑA (Terbutilazina 50%).

REGLONE

20% dicuat SL.
5 l.

Nº 12346 T+ (_ _) N

15 días no caso de entrada do gando.

Herbicida de contacto de acción rápida e eficaz contra as malas herbas. Axeitado para desecante de diversos cultivos facilitando as colleitas. Autorizado en Patacas, Millo, Xirasol e Algodón como desecante. Noutros cultivos, como herbicida de pre-laboreo ou para botar entre liñas sen mollar as follas do cultivo.

DOSE: 1,5-4 l/ha (430-1.150 ml/hl).

SAMSON

4% nicosulfuron SC.
1 l.

Nº 22353 Xi (A-A) N

Non poñer colza como cultivo a seguir.

Herbicida de post-emerxencia contra herbas gramíneas e dicotiledóneas no cultivo do millo. Activo contra Equinocloa e outras gramíneas resistentes. Complementario contra Xuncia. Pode mesturarse con outros herbicidas de Post-emerxencia.

DOSE: 1-1,5 l/ha (280-430 ml/hl). Aplicar cando o millo teña entre 3 e 4 follas.

SPLENDOR

25% tralkoxidim SC.
5 l.

Nº 19315 Xn (A-A) N

15 días ata a entrada do gando. 3 meses para nova sementeira de cereais.

Herbicida de post-emerxencia, contra Avea, Ballico e outras gramíneas nos cultivos de Trigo, Cebada e Triticale.

DOSE: 1,2 -1,6 l/ha. + 1 l/ha do mollante Canplus (400-530 ml/hl + 330 ml/ hl).

NOVO**TOPIK EVO**

24% clodinafop-propargil.
6% cloquintocet-mexil EC. 5% Florasulam.
1 l +150 ml

Nº19548 Xn (A-B) N
Nº22145 _ (_-) N
Prazo S.: NP.

Herbicida de postemergencia contra gramíneas e herbas de folla ancha anuais nos cultivos de tritcale e trigo. Controla aveia, xoio, phalaris e alopecuro e a maioría das malas herbas de folla ancha que invaden o cereal. Aplicar a partir de tres follas do cultivo e ata o afillado do mesmo.
DOSE: 170-250 ml/ha + 1 L/ha do mollante Agral e 75-150 ml/ha de Florasulam 5%.

TORDON 22 K

24% Picloran (sal potásica) SL.
250 cc, 1 l.

Nº11760 Xi(A-A)_
21 días

Herbicida de translocación, moi persistente para o control de leñosas en terreos sen cultivo (silveiras, toxos, xestas, etc) e Rumex e outras especies de folla ancha en praderías de gramíneas. É absorbido por vía radicular e foliar.
DOSE: 1-1,5 l/ha

TOUCHDOWN PREMIUM

36% Glisofato (Sal Amónica) SL.
1 l, 5 l, 10 l, 25 l, 120 l, 640 l.

Nº 22957 _(_)_
7 días Cereais e terreos agrícolas.
NP Demais cultivos

Herbicida sistémico, non selectivo de post-emergencia, contra todo tipo de herbas, incluídas as perennes e malezas leñosas, cun gran ámbito de aplicación. Plantacións de aguacate, cereais, froiteiras de folla caduca, limoeiro, laranxeira, oliveira, plataneiro, terreos agrícolas, terreos forestais e vide. Grazas á tecnoloxía Sistem 4, Touchdown Premium actúa máis rápido, e en condicións difíciles obtéñense mellores eficacia ca con outros herbicidas sistémicos.
DOSE: 3-7 L/ha segun do o cultivo e tipo de herba ou maleza a controlar. Recoméndase aplicacións con baixo volume de auga, de 100-200 L de auga por ha, polo que a dose equivale a: 1,5-3,5 L/hl. As doses máis baixas para as herbas noviñas, e as máis altas para perennes e malezas leñosas.

PRODUTOS VARIOS**DIVIDEND**

3% difenaconazol FS.
20 l, 200 l.

Nº 22008 Xi (A-) N
Prazo S.: NP.

Funxicida sistémico para o tratamento das sementes do Trigo e da Cebada, contra caries, podre da raíz, carbón vestido e helmiosporiose.
DOSE: 100-200 ml/100 kg semente. O produto pode aplicarse directamente sobre a semente ou diluído previamente en 400-500 ml de auga.

CANPLUS

60% aceite, 24% oleato sorbitol,
12% tredecilalcohol OL.
1 l.

Nº 19316 Xi (A-B) _
Prazo S.: NP.

Mollante para aplicacións herbicidas, que mellora a penetración e actuación, especialmente indicado cando as malas herbas precisen aumentar o poder mollante.
DOSE: 350-500 ml/hl segun do indicación para cada cultivo.

ABOFOL-L

24%Nitróxeno (N) total baixo varias formas.
16% Fósforo (P₂O₅) soluble. 12% Potasio (K₂O) soluble. 0,07% Boro (B) e 0,07% Zinc (Zn) quelados por EDTA-Na₂. Sólido cristalino.
1 kg e 5 kg.

Restoxo de fertilizantes e afíns
Nº 2379
Prazo S.: NP.

Fertilizante foliar que estimula e regula a vexetación das plantas, diminúe os problemas de carencias e mellora a calidade das colleitas. Axuda a recuperar os cultivos nos accidentes climáticos. Autorizado para todos os cultivos.
DOSE: 100 g/hl. Tamén pode aplicarse á terra para ser tomado polas raíces dos cultivos.

ISABION

Complexo de aminoácidos LS.
1 l, 5 l, 20 l.

Registro de fertilizantes e afíns
Nº 02511

Nutriente orgánico bioestimulante da vexetación das plantas en todo tipo de cultivos. Aplicar na fase de crecemento das plantas, especialmente indicado en cultivos cativos ou afectados por accidentes climatolóxicos, fitotóxidades, etc.

DOSE: En aplicación foliar 200-500 ml/hl (4-5 l/ha).

En aplicacións a terra, pode incorporarse coa rega (3-4 l/ha) e 4 aplicacións. Un máximo de 15 l/ha.

CULTAR

25% paclobutrazol SC.
250 ml, 1 l.

Nº 17270 Xi (A-A) N
60 días para as colleitas.

Regulador do crecemento para fruticultura e viticultura.

Reduce a lonxitude das brotacións, mellora a calidade dos froitos, e na vide ademais evita o corremento da floración. Aplicar en cultivos con certa vitalidade.

DOSE: Varía segundo os cultivos e momento de aplicación. Na vide para mellorar o callado da flor aplicar unha soa vez, 50 ml/hl entre dúas ou tres semanas antes da floración.

KLERAT BLOCK

0,005% brodifacum. Bloques parafina. BB. Xn (C-C) _
100 g, 500 g, 10 kg.

Raticida moi activo por inxestión contra todo tipo de roedores, tamén para os resistentes a outros anticoagulantes. Controla ratas, ratos e toupas de campo. Formulación axeitada para almacéns, recintos, exteriores, colectores, e ratas de campo en plantacións

DOSE: Colocar 1-4 bloques (segundo tamaño) por cada 10m². Procurar a colocación baixo tellas ou recipientes que permitan a entrada das ratas e que protexan os engados dos animais e persoas. Revisar e repoñer periodicamente.

SUPER KLERAT

0,005% brodifacoum. Xn (C-C) _
Cebo granulado coloreado. GB.
250 g, 5 kg.

Raticida moi activo por inxestión contra todo tipo de roedores, tamén para os resistentes a outros anticoagulantes. De utilización en almacéns e recintos agrícolas exteriores ou interiores. Debe colocarse o produto en montonciños protexido por tellas invertidas ou recipientes que permitan a entrada dos roedores, pero preservado dos animais e persoas. Tamén nas bocas dos tobos dos roedores utilizando o produto en bolsiñas.

DOSE: 20-30 g por punto de colocación, revisando e repoñendo periodicamente.

KLERAT PASTA

0,005 Brodifacoum Xn (C-C) _
Cebo en pasta fresca
250 g, 10 Kg.

Novo raticida en forma de pasta fresca de alta palatabilidade e apetencia, moi activo para todo tipo de roedores, incluso para os resistentes a outros anticoagulantes.

É moi fácil e cómodo de usar, debido á súa consistencia semisólida e a súa moderna presentación en bolsiñas de papel filtro (15 gramos), resistindo a humidade.

Contén proteínas e ácidos graxos, así como funxicidas e estabilizantes que garanten unha longa duración do produto (incluso no exterior).

Pode ser usado en recintos interiores e no exterior.

DOSE: Colocar en cada punto 1-2 unidades para ratos e 4-5 unidades para ratas.

NOVO



PROVINCIA DA CORUÑA

A Baña	528	Cedeira	509	Monfero	548
A Coruña	444	Cerdido	509	Mugardos	548
Abegondo	436	Cesuras	436	Muros	335
Ames	639	Coiros	436	Muxía	424
Aranga	436	Corcubión	424	Narón	509
Ares	548	Coristanco	524	Neda	509
As Pontes	548	Culleredo	444	Negreira	528
Ateixo	444	Dodro	420	Noia	420
Arzúa	536	Dumbría	424	Oleiros	444
Bergondo	436	Enfesta	639	Ordes	639
Betanzos	436	Ferrol	509	Oroso	639
Boimorto	536	Fisterra	424	Ortigueira	444
Boiro	484	Frades	636	Outes	396
Boqueixón	639	Irixoa	436	Oza dos Ríos	436
Brión	500	Laracha	524	Paderne	436
Cabana	524	Laxe	524	Padrón	420
Camariñas	424	Lousame	420	Pino	536
Cambre	444	Mañón	548	Pobra do	
Capela	548	Mazaricos	424	Caramiñal	484
Carballo	524	Malpica	524	Ponteceso	524
Cariño	444	Mesía	603	Pontedeume	548
Carnota	400	Melide	536	Porto do Son	480
Carral	444	Miño	548	Rianxo	484
Cee	436	Moeche	509	Ribeira	484
Cerceda	639			Rois	424

PROVINCIA DA CORUÑA

Sada	436	Teixeiro	536	Valdoviño	509
Sadurniño	509	Teo	639	Vedra	639
Sta. Comba	528	Toques	536	Vilamaior	548
Santiago	639	Tordoia	639	Vilasantar	536
Santiso	536	Touro	536	Vimianzo	424
Sobrado	536	Trazo	640	Zas	424
Somoza	509	Val do Dubra	640		

Outras Medidas:

En Rianxo úsase a **Cunca** que son 35 metros cadrados. O ferrado ten 12 Cuncas.

En Boiro úsase **Cuartillo** que son 22,33 metros cadrados.

En Rois úsase **Cuartillo** que son 17,50 metros cadrados.

Na Pobra do Caramiñal úsase a **Cunca** que son 40 metros cadrados.

PROVINCIA DE LUGO

A Fonsagrada	507	Guntín	436	A Pobra de Brollón	465
As Nogais	621	O Incio	559	Pol	496
Abadín	504	Láncara	629	Portomarín	671
Alfoz	714	Lourenzá	638	Quiroga	465
Antas de Ulla	604	Lugo	436	Rábade	436
A Pontenova	504	Melra	514	Ribadeo	612
Baleira	714	Mondoñedo	612	Ribas do Sil	465
Barreiros	714	Monforte	489	Ribeira de Piquín	514
Becerreá	578	Monterroso	604	Riotorto	504
Begonte	525	Muras	548	Samos	559
Bóveda	489	Navia de Suarna	650	Sarria	629
Castro de Rei	629	Neira de Xusa	610	O Saviñao	559
Carballedo	629	Negueira de		Sober	484
Castroverde	496	Muñiz	507	Taboada	604
Cervo	725	Ouro	548	Trabada	638
Cervantes	553	Outeiro de Rei	436	Triacastela	430
Chantada	629	Palas de Rei	604	O Valadouro	714
O Corgo	436	Pantón	489	Vicedo	548
Cospeito	525	Páramo	559	Vilalba	546
Courel (Folgosos)	436	Paradela	559	Viveiro	548
Foz	714	A Pastoriza	504	Xermade	525
Friol	436	Pedrafita	578	Xove	725

Outras Medidas:

En Riotorto: **Fanega** igual a 4 Ferrados, **Ferrado** igual a 2 Tegos, **Tego** igual a 4 Cuartillos.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA

A Lama	217	Fornelos de	Pontesampaio	629
A Caniza	437	Montes	Pontevedra	629
A Estrada	629	Gondomar	Portas	629
As Neves	629	Lalin	Ribadumia	629
Agolada	536	Marín	Redondela	69
Arbo	437	Meis	Rodeiro	536
Baiona	539	Meaño	Salvaterra	437
Bueu	472	Moaña	Sanxenxo	629
Caldas de Reis	672	Mondariz	Silleda	536
Cambados	629	Moraña	Soutomaior	64
Campolameiro	629	Mos	Tomíño	629
Cangas	472	Nigrán	Tui	497
Catoira	629	O Grove	Valga	629
Cerdedo	528	O Porriño	Vigo	541
O Covelo	264	Oia	Vilaboa	629
Crecente	437	Pazos de Borbén	Vilagarcía	545
Vila de Cruces	536	Polo	Vilanova de	
Cuntis	629	Ponteareas	Arousa	672
Dozón	536	Pontecaldelas	Vilaxoán	603
Forcarei	500	Pontecesures		

Outras Medidas:

No Morrazo e ría de Vigo úsase moito a **Vara**, que vale no Morrazo 7.37 metros cadrados, e en Vigo 4.57 metros cadrados.

En Pontevedra, Caldas e Cambados úsase a **Cunca**, a doceava parte do **Ferrado** que vale 52.40 metros cadrados. En Godos e Sair 56 metros cadrados. O **Ferrado** 12 veces a **Cunca**. Na Estrada e Lalin úsase o **Cuartillo**, que vale na Estrada 26 metros cadrados e en Lalin 22.34 metros cadrados.

En Pontecesures a **Cunca** ten 35 metros cadrados
Estadal: 12 pés = 336 cm.

PROVINCIA DE OURENSE

O **ferrado** vale: 629 metros cadrados.

Outras Medidas:

Nas terras adicadas a viñedo, a **Cavadura** vale 437 m² ou 435 m², segundo as zonas.

O **Xornal** son 124 m². En lugares con pendente da Ribeira Sacra, unha "**cavadura**" ou "**home de cava**", equivale a 100 cepas ben desenvolvidas.

- Nas terras adicadas a outros cultivos, a **Tega** vale 388 m², a **Fanega** 4.141 m².
- Na Porquelra, a **Tega** son 906 m² o **Copelo**, 21 m².
- Para medidas do cereal, unha **Tega** equivale a 14 quilos de centeo, e unha **Fanega** son cinco **Tegas**.

• O **Copelo**, en Celanova e A Bola, son 20 m².

• En Valdeorras a **Maquia** son 120 m²; en Verín son 22,22 m².

Para medir capacidades en distintas zonas de Ourense, empréganse as seguintes medidas:

- **Ola**: equivale a 16 litros ou 16,5 litros, segundo as zonas.
- **Moio**: equivale a 8 olas (128 ou 132 litros).
- **Cabazo**: son 20 litros.
- **Cuarta e Media Cuarta**: son 20 e 101 litros respectivamente.
- **Cántara**: son 16 litros. O **Canado** son dúas Cántaras (32 litros).

CONTOS

QUE NON SON CONTOS

Certamente, os motores, as máquinas e os automóviles trouxeron ao medio rural os avances e comodidades propios da tecnoloxía e da automoción.

Pero deixaron ao mesmo tempo anécdotas e casos graciosos coma estes:

A AUTORIDADE TOTAL

Ía un paisano cun tractor vello pola Praza do Obradoiro, levando enganchado un remolque con esterco tan grande coma o mesmo Hostal dos Reis Católicos.

O cheiro que desprendía, as partes da carga que caían ao empedrado, a fumeira do escape e o barullo do trebello, chamaron a atención de dous axentes que foron darlle o ALTO.

– Apague iso agora mesmo. ¿Pode darnos por favor o Permiso de Circulación?

O home mirouno, mirou tamén para o esterco, para a fachada da Catedral e para o Santo. Prendeu un pito e, despois de levantarse e cadrarse, díxolles con voz alta el clara.

– Si home, si. Poden vostedes circular tranquilamente, porque neste momento doulles o meu permiso.



CON VISTA

Don Saturnino, o cura de Amoeiro viña unha noite no seu Seiscentos D cor gris ceo, de Pitón, dunha cea que tivera cos compadres da caza.

Antes de chegar á estrada nacional, en Cambeo, e pola local que viña circulando, hai no cruzamento un sinal de STOP vistoso e grande coma unha praza de touros.

Seguiu co rumbo e coa velocidade que traía, non fixo caso do sinal e chantouse no medio e medio da estrada xeral que vén de Santiago a Ourense.

Corenta metros máis adiante, preto do cruzamento, estaba a garda civil de tráfico, que viu a barbaridade cometida e o parou ao momento.

El baixou a ventaiña e, ao velos tan alporizados, quedou calado.

**– ¡Hombre de Dios!
¿Qué ha hecho? ¿A
dónde miraba?
¿Usted no vio la
señal?**

**– O sinal claro
que o vin, dixo el
moi baixiño. Aos
que non vin foi a
vostedes.**

A SOLUCIÓN AO PROBLEMA

Un cabo da Garda Civil de Lugo contounos que certo día estaba cun compañeiro na recta de Monforte facendo un control de tráfico. Ao lonxe, viron acercarse un coche que viña de lado a lado da estrada; ás veces nas beiravías e mesmo baixando ata a cuneta.

"Ai, Virxe do ceo, como guiaba aquela muller -di o oficial-, que non sabiamos se ía ou se viña".

Acénanlle, para fronte a eles e o número dille case con mágoa.

– Pero señoriña. ¿Vostede sabe a chea de infraccións que cometeu dende que a vimos? ¿Vostede pensou no perigo que representa na estrada conducindo así? Imos ter que sacarlle o carné de conducir.

– Moitas grazas señor garda. Agradézollo, dixo ela. A ver se mo sacan logo vostedes. Eu xa fun ao exame vinte e seis veces e aínda non o dei sacado.


O ALOUCADO

Pola zona do Baixo Miño, andaba nas estradas Gustavo; "O louco da Sara", lle dicían. Cunha Bultaco Metralla de segunda man que lle mercara seu tío tiña xa feito todo tipo de barbaridades. Asoballou ovellas, galiñas, gatos e cans, e xa rupara varias veces contra balados e palleiras.

Unha tardiña, ao lusco fusco, viña o señor David pola estrada de Valeixe, cunha carga na súa carreta. Tiraba do ramal do cabalo e traía no carriño moitos feixes de millo que daban unha boa carrada.

Ao saír dunha curva, apareceu coma un louco por detrás o Gustavo e a Bultaco, que non deu parado a tempo. Bateulle na traseira e marcharon por cada seu lado o millo, o carriño, a besta, a moto e mais o motorista.

O señor David botaba as mans á cabeza. Pero o rapaz, cando se levantou, sacou todo o xenio para increpar o do millo,



dicíndolle que tivera a culpa daquela desfeita.

– Case me matei contra o carro, por non levar vostede a carga sinalizada.

– A carga do millo sinalizada. ¿E logo iso que quere dicir? preguntou o tío David.

– Iso é que tiña que levar un trapiño vermello colgado na parte posterior do seu carro.

– ¡¡Aloucado!! Contestoulle o David mentres tentaba erguer o cabaliño do asfalto. ¡¡Non viches o carro co millo, e ías ver o trapiño vermello colgado, animal!!

Disposicións Legais

DE INTERESE PARA GALICIA



NOVA LEI 7/2007 DE DEREITO CIVIL DE GALICIA

Exposición de motivos da Lei 7/2007, do 21 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia
DOG núm. 104 do xoves, 31 de maio de 2007

1

Unha das características da agricultura galega é a de ter pasado dun modelo de produción de explotación familiar de escasa dimensión, onde predominaba o autoconsumo, a outro no que, aínda existindo as pequenas explotacións, hai relevancia das producións dirixidas ao mercado.

Este proceso, similar a outras agriculturas da nosa contorna, tivo especial incidencia en Galicia polas senlleiras características da propiedade, como é a excesiva fragmentación nun elevado número de parcelas de pouca dimensión.

Ligado a isto, produciuse unha forte redución do número de explotacións e, en moitos casos, de abandono, con escasa transferencia da súa base territorial, o que tamén supuxo unha mínima relevancia xeracional ao non dispoñeren dunha superficie agraria adecuada que lles garantise un nivel de rendas suficiente aos titulares das explotacións agrarias e ás súas familias.

Ademais, débese ter presente que este abandono se traduce nunha continua redución da superficie agraria útil, coa consecuente perda dunha riqueza de interese social e público que un país non se pode permitir.

Ao tempo, en moitos casos tamén existe unha demanda por parte de explotacións que permanecen no sector e que pretenden ampliar a base territorial das súas unidades produtivas, polo que hai que buscar fórmulas que permitan que esas explotacións poidan seguir a ser viables.

2

Polos motivos expostos, e tendo en conta a función social do dereito de propiedade de acordo co disposto no artigo 33 da Constitución, faise necesario levar a cabo unha mobilización das superficies agrarias útiles hoxe improdutivas, que permita o redimensionamento das explotacións que sobreviven a unha maior extensificación e redución de insumos e, así mesmo, a ampliación da base territorial das explotacións existentes, de xeito que se convertan, en definitiva, nun factor de riqueza colectiva.

Esta dinamización do mercado da terra permitirá modelos de desenvolvemento das explotacións de carácter extensivo no camiño dunha agricultura sustentable e compatible coa conservación do medio e coa seguridade alimentaria que demanda actualmente a sociedade, axudará a unha mellor xestión do territorio con fins agrarios e contribuirá, definitivamente, a ordenar o espazo agrogandeiro e forestal. Todos estes obxectivos deben ter presente, en todo momento, o respecto e o fomento do principio de igualdade entre homes e mulleres.

É precisamente un obxectivo básico desta lei o establecemento dunha serie de instrumentos que favorezan o mantemento da capacidade produtiva da terra para evitar a perda de superficie agraria útil e recuperar a que se perdeu nos últimos anos, que velen pola conservación do contorno e das condicións ambientais, preserven os predios e as explotacións dos seus adxacentes, axilicen os labores de prevención de lumes forestais e protexan os bens patrimoniais públicos e privados.

A aplicación da lei (agás excepcións moi concretas que se sinalan nela) límitase ás zonas de especial interese agrario, ámbitos territoriais definidos no artigo 3 da lei, de xeito que estas coinciden basicamente co solo rústico de protección agropecuaria, tal e como está previsto pola Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, ademais das que poida establecer, de cara a un futuro, o Consello da Xunta de Galicia, para o que se lle outorga a oportuna habilitación. Deste xeito, circunscríbese a aplicación da lei, na súa meirande parte, a territorios de alto valor agrario.

As zonas de especial interese agrario estarán constituídas polos predios de alta produtividade agrícola ou gandeira, posta de manifesto pola existencia de explotacións que a avalen ou polas propias características ou a potencialidade dos terreos ou das zonas onde se enclaven. Ter sido obxecto de concentración, selo no futuro ou formar áreas de cultivo de singular extensión son factores que determinan, entre outros, a inclusión nestas zonas.

En suma, o fin último da lei é frear a perda de superficies de aptitude agraria en Galicia coa intención de aumentar a riqueza do país a través da posta en valor daquelas terras que contan con esa aptitude.

3

Este texto legal dítase ao abeiro da alínea 3 do artigo 30.I do Estatuto de autonomía para Galicia, que lle outorga á nosa Comunidade Autónoma competencia exclusiva, de acordo coas bases e coa ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria, en materia de agricultura e gandería.

A lei estrutúrase en oito títulos, que tratan sucesivamente das disposicións xerais fundamentais para a aplicación da norma, do Banco de Terras de Galicia e do seu órgano de xestión, do réxime xurídico da incorporación de bens ao Banco de Terras de Galicia, da transmisión dos bens incorporados ao devandito banco, das medidas tributarias e de fomento, da Comisión Técnica de Prezos e Valores, dos predios incultos e abandonados e mais do réxime sancionador.

No primeiro deles concrétese o obxectivo da norma, e enuméranse os instrumentos que se articulan de cara á súa consecución e que se desenvolven nos títulos seguintes. Incorpóranse tamén o ámbito e as definicións oportunas de cara a facilitar a aplicación da lei.

No título II instrumentalízase, como un inventario onde figurarán todos os predios rústicos que servirán para a consecución dos obxectivos previstos por esta lei, independentemente da súa titularidade, o Banco de Terras de Galicia. Ademais, enuméranse os destinos agrarios, en consecuencia cos obxectivos da norma, aos que deberán quedar necesariamente vinculados estes predios. Créase unha sociedade pública baixo a denominación de Sociedade Anónima Xestora do Banco de Terras de Galicia, Bantegal, que terá como función principal a xestión dos predios incorporados ao banco, co gallo de axilizar a mobilidade das terras, co que se favorece, deste xeito, o redimensionamento das explotacións e unha maior extensificación e redución de insumos.

O título III establece o réxime xurídico da incorporación de bens ao Banco de Terras de Galicia. O seu capítulo I céntrase nos dereitos de adquisición preferente que lle corresponden á sociedade Bantegal e no procedemento para o seu exercicio. No capítulo II regúlase o procedemento para a cesión voluntaria de predios rústicos situados en zonas de especial interese agrario, para a súa xestión e posta no mercado pola sociedade Bantegal por tempo determinado non inferior a cinco anos, de xeito similar ao contrato de mandato indirecto do Código civil, aínda que con peculiaridades de seu. Neste suposto prevense vantaxes para os cedentes, como son a garantía da percepción do pagamento da renda, avalada pola sociedade xestora.

O título IV desenvolve o procedemento para a transmisión dos predios rústicos incorporados ao Banco de Terras de Galicia, para o que se distinguen dous réximes distintos segundo a quen lle corresponda a titularidade dos bens. Os

que pertencen á sociedade Bantegal poderán ser alleados por esta ou ben cedidos temporalmente a terceiras persoas. Esta última é a única posibilidade de transmisión cando os bens pertencen a outros titulares, públicos ou privados, no exercicio da función da sociedade pública de facilitar a mobilidade de terras agrarias.

En canto ao alleamento, distínguese o procedemento de poxa pública, que será o réxime xeral, e a adxudicación directa, nos supostos taxados establecidos pola lei. Respecto da cesión temporal a terceiras persoas que se dediquen á agricultura, para o seu uso e aproveitamento, regúlanse polo miúdo as correspondentes relacións do órgano xestor coas terceiras persoas adxudicatarias destes.

No título V establécense medidas tributarias e de fomento para os propietarios que soliciten a mediación da sociedade xestora, que van desde beneficios fiscais no imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados ata a posibilidade de axudas públicas para realizar, entre outros, labores de mantemento ou de acondicionamento dos predios rústicos.

No título VI créase a Comisión Técnica de Prezos e Valores, que emitirá informe sobre os prezos aplicables ás transaccións previstas nesta lei, que serán aprobados en Consello da Xunta de Galicia. Este órgano colexiado está formado por representantes da Administración -das consellarías competentes en materia de agricultura, ambiente, economía e ordenación do territorio-, das entidades locais galegas, do catastro, das cooperativas galegas e, finalmente, das organizacións profesionais agrarias.

No título VII defínense os predios incultos ou abandonados como os situados en zonas de especial interese agrario que cumpran determinadas características que aconsellen a intervención da Administración, co fin de asegurar o cultivo e de realizar prácticas agrícolas respectuosas co medio, así como de evitar fundamentalmente danos ás entidades públicas ou aos veciños e mais a propagación do lume. Regúlese o procedemento para a súa declaración, que garante a audiencia dos interesados e os recursos oportunos.

E, finalmente, no título VIII regúlese o réxime sancionador aplicable ás infraccións administrativas correspondentes aos incumprimentos das disposicións establecidas nesta lei, en cumprimento do principio de legalidade recollido na Constitución.

Para rematar, a lei conta cunha disposición adicional e cinco disposicións derradeiras, das que se poden salientar as que modifican parcialmente a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e a Lei 12/2001, do 10 de setembro, de modificación da Lei de concentración parcelaria para Galicia.

Por todo o exposto o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2º do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 23 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, promulgo en nome de El-Rei a Lei de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia.

NOVO

TOUCHDOWN

PREMIUM



Herbicida non selectivo de postemergencia, de potente efecto sistémico que controla todas as malas herbas anuais e perennes, mesmo as máis difíciles.

O herbicida cheo de tecnoloxía

Roedores e Rodenticidas



A orde Rodentia é ampla en número de individuos e tipos, incluíndo una terceira parte de todas as especies de mamíferos existentes.

Só 41 dos 124 xéneros se catalogan como pragas, sendo dous os máis estendidos e abundantes: xénero *Ratus* e xénero *Mus*.

As especies máis importantes destes dous xéneros son:

- **Rato doméstico (*Mus musculus L.*)**, estendido basicamente en zonas rurais e granxas.
- **Rata común (*Rattus norvegicus L.*)**, que vive externa ou interiormente en calquera lugar onde atope alimentos. É a rata de sumidoiros. Non sendo autóctona da península, conta a crónica histórica que penetrou polo Pirineo acompañando as tropas francesas durante a invasión napoleónica e alimentábase cos residuos da campaña.
- **Rata negra (*Rattus rattus L.*)**. Vive xeralmente baixo cuberto e con poboación en franco retroceso a favor da anterior, que chegou a impoñerse e fagocitala.



Rató doméstico



Rata común



Rata negra

NECESIDADES DE CONTROL

Causan os roedores moitos e variados problemas en todo mundo por compartir co ser humano o mesmo medio. Das razóns que xustifican o seu control, as tres principais son:

1. **Comen e destrúen alimentos:** Estima a F.A.O. que os roedores causan perdas dun 5% nas colleitas de todo o mundo, cantidade suficiente para alimentar a 130 millóns de persoas. A estes produtos consumidos hai que engadir máis do dobre de alimentos que contaminan polos prexuízos directos e as nocividades colaterais de ouriños, feces, pelos ou secrecións sebáceas que os fan inservibles.
2. **Propagadores de enfermidades:** Son vehículos e vectores de numerosas enfermidades que afectan ó ser humano: a peste bubónica, leptospirose, triquinose, ou as infeccións de salmonella, todas elas de consecuencias graves ou fatais.
3. **Outros tipos de danos:** Causan ademais a destrución de distintos materiais: roeduras na madeira, tuberías de auga, mercancías almacenadas etc. Nas instalacións eléctricas, os cables roídos orixinan cortocircuitos, incendios e importantes avarías.

MEDIOS DE LOITA

O exterminio absoluto das ratas como especie é practicamente imposible; porén, a aplicación de medidas adecuadas logrará un eficiente control capaz incluso de erradicalas nas zonas asiduamente tratadas.

MÉTODOS FÍSICOS: Empregan técnicas mecánicas para eliminalos: rateiras, trampas ou barreiras contundentes para excluír os animais de certos lugares. Os resultados reais destas accións en redución das poboacións de roedores son francamente inoperantes.


MÉTODOS BIOLÓXICOS: Inclúen a introdución dos seus predadores naturais, enfermidades e parasitos, modificación do hábitat, manipulación xenética ou cultivo de variedades resistentes de cereais e especies hortícolas.

A maioría destas solucións teñen fallos de teoría ou posta en práctica.

MÉTODOS QUÍMICOS: Tense comprobado que o método máis efectivo para control de roedores é o uso de rodenticidas clasificándose estes en:

- Agudos ou de acción rápida:** Envenenamento inmediato, facendo necesarias medidas extremadas de manipulación e risco manifesto para outras especies incluído o ser humano. O máis importante desta categoría é o fosfuro de zinc.
- Crónicos:** Actúan lentamente despois de varias doses. Funcionan como anti-coagulantes xerando hemorrxias internas. Non supoñen risco para animais domésticos polo pequeno nivel de dose letal a que funcionan co roedor.

Destacan como materias activas a warfarina, difenacoum ou bromadiolona, sendo a máis avanzada e moderna o brodifacoum, principio activo de **Súper Klerat**.



Super KLERAT

RATICIDA PARA
ROEDORES COMENSAIS

PELLETS

¡Un só bocado basta!



E agora
tamén en
Pasta Rosa

UNHA SOLUCIÓN DE FÁBULA
PARA O CONTROL
DE RATAS E RATOS

syngenta.

Enderezos dos nosos distribuidores principais

PARA GALICIA - ASTURIAS

AGRO-REZA, S.L. (Ourense-Oeste) agro-reza@mundo-r.com	R/Reza nº 12 (Galerías Roma) 32003 - OURENSE Telf. e Fax: 988 222834 - 988 227553
AGROVAL S.L. (Pontevedra - Sur) agroval.po@terra.es	As Gándaras de Prado s/n (Fronte Campo de Fútbol de Budiño) 32630 - O PORRIÑO - Budiño Telf. e Fax: 986 346765 - 986 346766
ALMACENES ROYAL S.L. (A Coruña-Norte) aroyal@infonegocio.com	R/ Fraga Iribarne nº 48 15300 - BETANZOS Telf.: 981 772714 Fax: 981 772600 Móbil: 639 603754
ASAGRO, SERVICIOS AGRÍCOLAS, CB (Asturias - Leste. Cantabria) asagro@fade.es	Polígono Silvota, parcela R 45 33192 - LLANERA (Asturias) Telf.: 985 265898 Fax: 985 250764 Móbil: 608 473131
CAMPONOVO PROTECCIÓN DE CULTIVOS S.L. (A Coruña-Sur) p.cultivos@camponovo.es	Polígono industrial Novo Milladoiro Rúa das Palmeiras, 57 - A2 15895 - AMES (A Coruña) Telf.: 981 535420 Fax: 981 535422 Móbil: 606 990537
FITO LEMOS, S.L. (Lugo - Sur. Ourense - Leste) fitolemos@terra.es	Estación nº 11 27331 - POBRA DE BROLLON Telf. e Fax: 982 430010 Móbil: 600 078779
FITOAGRARIA S.L. (Ourense - A Limia, Monterrei) fitoagraria@xanelas.com	R/ Dous de Maio nº 57 32630 - XINZO DE LIMIA Telf. e Fax: 988 462560
HORTA GALEGA (Lugo - Centro) hortagal@teleline.es	R/ Concepción Arenal nº 16 27004 - LUGO Telf. e Fax: 982 246019
PEREZCASTRO HNOS. S.L. (Pontevedra - Norte) comercial@perezcastrohnos.com	R/ Fermín Mosquera nº 12 36650 - CALDAS DE REIS Telf. 986 540426 - 986 530200 Fax: 986 530103
XARDINAGRO S.L. (Lugo-Norte. Asturias-Oeste) xardinagro@ctv.es	R/ Linares Rivas nº 4 27760 - VILANOVA DE LOURENZÁ Telf. e Fax: 982 121002 Almacén Telf. 982 121613

Enderezos de SYNGENTA AGRO:

No PORRIÑO: A Relva s/n 36400 - O PORRIÑO (Pontevedra) Telf.: 986 330300 - 986 331004 Fax: 986 335855

En MADRID: C/ Ribera del Loira nº 8-10, 3ª Planta; 28042 MADRID Telf.: 91 3876410 (Centralíña); Fax: 91 7210081

Os contidos desta publicación son propiedade de Syngenta Agro. Prohíbese a súa reprodución total ou parcial, por calquera medio, sen a autorización previa e por escrito de Syngenta Agro.

¡¡ AI...UF... AI !!
¿Por que non me protexiches
con Switch?

Utiliza SWITCH, será definitivo.



- Poderás comprobar na túa viña un aspecto máis san e duradeiro.
- SWITCH, unha reposta activa e segura que protexe a túa viña de enfermidades.
- Con SWITCH obterás unha colleita sa e agradecida.

syngenta.



SWITCH[®]

Máis protección. Máis eficacia.

2008

Calendario do Ano

Xaneiro							Febreiro							Marzo						
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6				1	2	3						1	2	
7	8	9	10	11	12	13	4	5	6	7	8	9	10	3	4	5	6	7	8	9
14	15	16	17	18	19	20	11	12	13	14	15	16	17	10	11	12	13	14	15	16
21	22	23	24	25	26	27	18	19	20	21	22	23	24	17	18	19	20	21	22	23
28	29	30	31				25	26	27	28	29			24/31	25	26	27	28	29	30

Abril							Maio							San Xoán						
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6				1	2	3	4							1
7	8	9	10	11	12	13	5	6	7	8	9	10	11	2	3	4	5	6	7	8
14	15	16	17	18	19	20	12	13	14	15	16	17	18	9	10	11	12	13	14	15
21	22	23	24	25	26	27	19	20	21	22	23	24	25	16	17	18	19	20	21	22
28	29	30					26	27	28	29	30	31		23/30	24	25	26	27	28	29

Santiago							Agosto							Setembro						
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6				1	2	3	1	2	3	4	5	6	7	
7	8	9	10	11	12	13	4	5	6	7	8	9	10	8	9	10	11	12	13	14
14	15	16	17	18	19	20	11	12	13	14	15	16	17	15	16	17	18	19	20	21
21	22	23	24	25	26	27	18	19	20	21	22	23	24	22	23	24	25	26	27	28
28	29	30	31				25	26	27	28	29	30	31	29	30					

Outubro							Novembro							Decembro							
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	
			1	2	3	4	5						1	2	1	2	3	4	5	6	7
6	7	8	9	10	11	12	3	4	5	6	7	8	9	8	9	10	11	12	13	14	
13	14	15	16	17	18	19	10	11	12	13	14	15	16	15	16	17	18	19	20	21	
20	21	22	23	24	25	26	17	18	19	20	21	22	23	22	23	24	25	26	27	28	
27	28	29	30	31			24	25	26	27	28	29	30	29	30	31					

Subvencionado pola

■ Festa Nacional ■ Festa Autonómica



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Política Lingüística

syngenta®